

PLENO DO EXCMO. CONCELLO . - Núm. 18

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 26 de SETEMBRO de 2005, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

- 1.- Dar conta de escrito do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do 19 de setembro, polo que comunica a designación de Voceira e Voceiro adxunto do devandito grupo.
- 2.- Dar conta do escrito de data 19.09.05 da voceira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, comunicando nova designación de membros do devandito Grupo nas diferentes comisións informativas.

ALCALDIA

- 3.- Dar conta de decreto da Alcaldía do 21.09.05 asignando dedicación exclusiva. Escrito da concelleira aceptando a devandita dedicación.

URBANISMO E MEDIO AMBIENTE

- 4.- Corrección de erro material no texto refundido do PP do Parque tecnolóxico aprobado definitivamente o 26.07.05. Expte. 9353/411.

XESTIÓN MUNICIPAL

- 5.- Modificación orzamentaria num. 79/05 (suplemento de crédito) para a realización de obras en diversos muros da cidade. Expte. 45808/250.
- 6.- Modificación orzamentaria núm. 80/05, para a realización de diversas obras na cidade. Expte. 46195/250.
- 7.- Aprobación inicial da modificación do regulamento dos mercados municipais.
- 8.- Proposta de festivos locais para o ano 2006.

MOCIÓNS

- 9.- Moción do Grupo municipal do PG de instar a instalación de servizos de telefonía e radio nos túneles da Area Metropolitana da Madroa e A Cañiza.
- 10.- Moción do Grupo municipal do PG instando a limpeza do vial da Universidade.
- 11.- Moción do Grupo municipal do BNG solicitando apoio para actividades en relación coa Marcha Mundial das Mulleres.
- 12.- Moción do Grupo municipal do BNG instando tomar as medidas necesarias para corrixir deficiencias do auditorio municipal.

- 13.- Moción do Grupo municipal do BNG propoñendo o incremento da seguridade vial na rúa Manuel Cominges e Rúa dos Canteiros.
- 14.- Moción conxunta dos Grupos municipais do BNG e do PSdeG-PSOE solicitando o inmediato cumprimento do acordo do 26.01.05 relativo á creación dunha escola pública no PERI II 12 A Florida B.
- 15.- Moción do Grupo municipal do PSdeG-PSOE instando a posta a disposición da Xunta os terreos necesarios en Navia para a construción do edificio da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.
- 16.- Moción do Grupo municipal do PSdeG-PSOE instando o cumprimento do convenio e anexo "Programa Vigo 2005" para execución proxectos en Praza de Compostela e rúa Urzáiz.
- 17.- Moción do Grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa á necesidade de coordinación dos centros de investigación mariña da área de Vigo.
- 18.- Moción do Grupo municipal do PSdeG-PSOE requirindo ó Goberno municipal a presentación perante o Pleno dos regulamentos municipais pendentes de tramitación.
- 19.- Rogos e preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE horas do día VINTESEIS DE SETEMBRO, para resolve-los asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

Vigo, 22 de setembro de 2005
A ALCALDESA, O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez José Riesgo Boluda.